

Informe sobre o Índice de Comercio polo Miúdo


Datos correspondentes a decembro de 2025

Data de publicación: 29/01/2026

Principais resultados

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia un crecemento interanual do 5,5 % no mes de decembro de 2025. En España aumentou un 4,7 %.
- Por produtos, as vendas aumentan un 3,5 % en "Alimentación" e un 7,3 % en "Resto de produtos" en decembro de 2025.
- Na conxunto do ano 2025, as vendas minoristas aumentan un 3,2 % en Galicia e un 4,1 % en España.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes crece un 6,8 % en Galicia en decembro de 2025 con respecto ao mesmo mes de 2024. En España aumenta un 6,1 %.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa interanual do 0,8 % tanto en Galicia coma en España.

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE.

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 5,5 % en Galicia e un 4,7 % en España en decembro de 2025 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

O índice xeral sen estacións de servizo medra un 5,3 % en Galicia e un 4,6 % en España respecto a decembro de 2024. Desagregando por produtos:

- "Alimentación" incrementa a facturación un 3,5 % en Galicia e un 4,1 % no conxunto de España.
- "Resto de produtos" medra un 7,3 % en Galicia e un 5,7 % no conxunto de España.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Decembro de 2025

Galicia

	Índice deflactado	Taxa interanual (%)	Taxa media 2025 (%)
Xeral	128,3	5,5	3,2
Xeral sen estacións de servizo	128,0	5,3	2,7
Alimentación	116,7	3,5	2,2
Resto	142,3	7,3	3,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

España

	Índice deflactado	Taxa interanual (%)	Taxa media 2025 (%)
Xeral	131,7	4,7	4,1
Xeral sen estacións de servizo	132,4	4,6	4,0
Alimentación	121,6	4,1	3,8
Resto	148,2	5,7	4,7

Fonte: INE.

Na media do 2025, as vendas minoristas aumentan un 3,2 % en Galicia e un 4,1 % en España. Rexístrase un incremento das vendas en "Alimentación" do 2,2 % en Galicia e do 3,8 % en España. No "Resto de produtos", as vendas increméntanse un 3,4 % en Galicia e un 4,7 % en España.


2. Índices por comunidades e cidades autónomas

As vendas aumentan en todas comunidades e cidades autónomas agás na Comunidade Foral de Navarra. Os maiores incrementos rexístranse en Ceuta (9,6 %), Murcia (8 %) e Melilla (7,6 %).

No conxunto do 2025, o índice increméntase en todas as comunidades e cidades autónomas. As taxas máis altas preséntanse en Ceuta (6,9 %), Melilla (5,5 %) e Murcia (5,4 %).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Decembro de 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE.

3. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos correntes

O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 6,8 % en Galicia e un 6,1 % en España no mes de decembro de 2025 con respecto a decembro de 2024.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 7,1 % en Galicia e do 6,5 % en España. Desagregando por produtos, en Galicia, as vendas aumentan un 6,5 % en "Alimentación" e un 7,5 % en "Resto de produtos". En España, rexístrase un incremento do 7,1 % nas vendas en "Alimentación" e do 6 % en "Resto de produtos".

No conxunto do ano, o índice medra un 3,6 % en Galicia e un 4,7 % en España. En Galicia, as vendas en "Alimentación" increméntanse un 3,8 % e en "Resto de produtos" un 3,7 %. En España, as vendas varían un 5,9 % en "Alimentación" e un 4,8 % en "Resto de produtos".

Índices de comercio polo miúdo a prezos correntes. Decembro de 2025

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa media 2025 (%)
Xeral	156,0	6,8	3,6
Xeral sen estacións de servizo	158,1	7,1	3,7
Alimentación	154,8	6,5	3,8
Resto	160,7	7,5	3,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa media 2025 (%)
Xeral	160,4	6,1	4,7
Xeral sen estacións de servizo	163,6	6,5	5,3
Alimentación	161,7	7,1	5,9
Resto	165,1	6,0	4,8

Fonte: INE.

4. Índice de ocupación

No mes de decembro, o índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,8 % tanto en Galicia coma no conxunto de España. No conxunto do ano, a ocupación medra un 0,7 % en Galicia e un 1,4 % en España.

Índices de ocupación. Decembro de 2025

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa media 2025 (%)
Xeral	106,0	0,8	0,7
Xeral sen estacións de servizo	105,8	0,8	0,6

Fonte: INE.

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa media 2025 (%)
Xeral	108,2	0,8	1,4
Xeral sen estacións de servizo	108,3	0,8	1,4


Fonte: INE.

5. Índices de ocupación por comunidades e cidades autónomas

En decembro, a ocupación no comercio minorista aumenta en 17 comunidades e cidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Melilla (3,5 %) e Ceuta (3,2 %). As comunidades onde diminúe o persoal ocupado son País Vasco (-0,9 %) e Aragón (-0,3 %).

Índice xeral de ocupación. Decembro de 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE.

No acumulado do ano, a ocupación aumenta en 18 comunidades e cidades autónomas. Navarra (2,3 %) e Illas Baleares (2,2 %) rexistran os maiores incrementos.

6. Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.